

ANEXO II

Solicitude de integración no réxime estatutario do persoal funcionario e laboral (Orde do de 200..)

DATOS DO SOLICITANTE		Nome	
Apelidos			
DNI	Data de nacemento	Número de afiliación á Seguridade Social	
		CNP Código numérico personal	
Dirección		CP	Localidade
			Teléfono

DATOS PROFESIONAIS

Posto de traballo (en propiedade):	Centro de xestión:		
Desempeño da xefatura:	Provisional <input type="checkbox"/>	Definitivo <input type="checkbox"/>	
Nomeamento:	Data:		
En situación de (1):	Activo <input type="checkbox"/>	Excedencia <input type="checkbox"/>	
	Excedencia especial <input type="checkbox"/>	Reserva de posto <input type="checkbox"/>	
Titulación académica (2)			
Data de expedición:			

(1) Síñálese cum (x) o que proceda

(2) Xuntar fotocopia compulsada

O solicitante abaixo asinante manifesta que son certos os datos que se fan constar na presente solicitude de integración no réxime estatutario na CATEGORÍA DE.....
.....de.....de 200.. (Sinatura)

DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DO SERGAS

DILIXENCIA: para facer constar que son certos os datos que o solicitante expón na presente solicitude.

.....de.....de 200..

O director xerente do Hospital/Complexo Hospitalario

Orde do 14 de decembro de 2006 pola que se regula a integración na categoría de facultativo especialista de área de determinado persoal estatutario, licenciado sanitario especialista, do Servizo Galego de Saúde.

O Servizo Galego de Saúde, ao longo dos últimos anos, fundamentalmente en execución do Decreto 447/1996, do 26 de decembro (DOG nº 3, do 7 de xaneiro de 1997), tramitou sucesivos procesos de integración no réxime estatutario de determinados colectivos de persoal funcionario e laboral.

No que se refire ao persoal con vínculo de fixeza, a medida consistiu nunha oferta de integración na categoría estatutaria correspondente ás características da praza de orixe. Nestes procesos, determinado persoal facultativo de atención especializada, que

aceptou mudar en estatutario o seu inicial vínculo laboral ou funcional, non puido acadar a condición de facultativo especialista de área por non acreditar nese momento o título de especialista, resultando por tal motivo integrado como facultativo xerarquizado de medicina xeral.

A Orde do 21 de abril de 2005 (DOG nº 91, do 12 de maio), pola que se realizou unha segunda oferta de integración, habilitou que determinados facultativos que rexeitaron anteriores ofertas de integración, e que tampouco acreditaban inicialmente o título de especialista, accederan á categoría de facultativo especialista de área por ter acadado o dito título, nos últimos anos, en virtude das vías excepcionais reguladas na normativa de especialidades sanitarias.

Así pois, neste momento constátase que determinados facultativos que aceptaron a primeira oferta

de integración, e en consecuencia non puideron acollerse á segunda, non teñen recoñecida a categoría de especialista de área a pesar de vir desempeñando as funcións propias dunha especialidade e ter igualmente obtido o título de especialista polas vías excepcionais.

A presente orde responde á finalidade de poñer fin a esta situación. En definitiva, trátase de ofertar a integración na categoría de facultativo especialista de área a un colectivo de persoal facultativo estatutario fixo -de orixe laboral ou funcionario- que veu desempeñando as funcións propias dunha especialidade no ámbito hospitalario, acreditando o título correspondente, e que por ter aceptado a primeira oferta de integración no réxime estatutario sitúase de feito en peor situación, desde a perspectiva dunha axeitada clasificación profesional, que o persoal que rexeitou inicialmente a dita oferta e que, precisamente polo dito rexeitamento, puido acadar recentemente a condición de facultativo especialista de área.

De acordo co que antecede, en exercicio das facultades que lle outorga a disposición derradeira primeira do Decreto 447/1996, do 26 de decembro (DOG nº 3, do 7 de xaneiro de 1997), esta consellería

DISPÓN:

Artigo 1º.-Obxecto, ámbito de aplicación e requisitos.

1. Poderá solicitar a integración na categoría de facultativo especialista de área o persoal de institucións hospitalarias do Servizo Galego de Saúde que reúna os seguintes requisitos:

a) Ter sido integrado, desde un vínculo orixinalmente laboral ou funcional, como persoal estatutario fixo, facultativo xerarquizado de medicina xeral, como consecuencia dos procesos de integración no réxime estatutario tramitados polo organismo.

b) Ter acadado o título de especialista, por un procedemento excepcional ao establecido no Real decreto 127/1984, do 11 de xaneiro, en atención ao desempeño das funcións propias e específicas da especialidade nas institucións hospitalarias actualmente adscritas ao Servizo Galego de Saúde.

2. A integración poderase solicitar desde calquera das seguintes situacións:

a) Servizo activo, ou situación asimilada pola reserva do posto de traballo, de conformidade co establecido na Lei 55/2003, de 16 de decembro, do Estatuto marco.

b) Excedencia por prestar servizos no sector público ou excedencia voluntaria. Nestes casos, a solicitude de integración poderse formular no intre de solicitar o reingreso ou no prazo previsto nesta norma para a presentación de solicitudes.

Artigo 2º.-Solicitudes.

As solicitudes deberán presentarse, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da entrada en vigor desta orde, no modelo que figura como anexo. Estas solicitudes, debidamente dilixenciadas pola dirección do centro, dirixiranse á División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, e poderán ser presentadas nas oficinas de rexistro dos respectivos centros hospitalarios ou nas direccións provinciais do organismo, sen prexuízo de que tamén poidan presentarse por calquera das formas establecidas na Lei 30/1992, do 26 de decembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O persoal interesado achegará, xunto coa súa solicitude, a seguinte documentación:

a) Resolución de integración no réxime estatutario como facultativo xerarquizado de medicina xeral.

b) Certificado oficial acreditativo do centro onde se produciu a integración, categoría profesional, natureza do vínculo (fixo ou temporal) e período de servizos e funcións desempeñados no ámbito propio dunha especialidade.

c) Fotocopia compulsada do título da especialidade.

Artigo 3º.-Resolución e efectos.

As solicitudes serán resoltas pola División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional no prazo máximo de dous meses desde que remate o prazo de presentación de solicitudes. As resolucións expresarán os recursos que contra elas procedan, órgano ante o que haberán de presentarse e prazo para a súa interposición.

As resolucións estimatorias acordarán a integración na categoría de facultativo especialista de área e a simultánea extinción da integración como facultativo xerarquizado de medicina xeral.

Ao persoal integrado aplicaráselle para todos os efectos o réxime económico e xurídico da categoría de facultativo especialista de área do Servizo Galego de Saúde, coa obriga de prestar asistencia sanitaria á poboación adscrita á institución sanitaria correspondente nos termos que se establezan nas disposicións que regulen a organización do traballo e a programación funcional do correspondente centro ou unidade.

Disposición derradeira

A presente orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2006.

Mª José Rubio Vidal
Conselleira de Sanidade

ANEXO

SOLICITUDE DE INTEGRACIÓN NA CATEGORÍA DE FACULTATIVO ESPECIALISTA DE ÁREA	
DATOS PERSOAIS	
Apelidos e nome:	NIF:
Enderezo:	Poboación:
Provincia:	Teléfono:
Data de nacemento:	
DATOS PROFESIONAIS	
Categoría:	
Centro de destino:	
Data de integración no réxime estatutario:	
Situación administrativa:	Activo ou asimilada <input type="checkbox"/> Outras <input type="checkbox"/> Especifique cal:

EXPÓN:

Que reúne os requisitos establecidos no artigo 1 da orde da Consellería de Sanidade pola que se regula a integración na categoría de facultativo especialista de área de determinado persoal estatutario, licenciado sanitario especialista, do Servizo Galego de Saúde, segundo a documentación que se relaciona:

- Resolución de integración no réxime estatutario
- Certificado de servizos prestados e funcións desenvolvidas (especialidade)
- Título de especialista
- Outras certificacións

SOLICITA:

A integración na categoría de facultativo especialista de área, nos termos previstos na referida orde.

En de de 200...

Sinatura:

Selo

DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL (SERGAS)

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

Resolución do 22 de decembro de 2006 pola que se fai pública a data, a hora e o lugar para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición do proceso selectivo para o acceso a diferentes prazas laborais do Consello da Cultura Galega, convocado pola Resolución do 26 de xullo de 2006 (Diario Oficial de Galicia número 161, do 22 de agosto).

O día 22 de decembro de 2006 constituíronse os tribunais designados pola Resolución do 23 de novembro de 2006 para cualificar o proceso selectivo para o acceso a diferentes prazas laborais do Consello da Cultura Galega. Na mesma sesión os tribunais acordaron, de conformidade co disposto na base III.10 da convocatoria, que os primeiros exercicios da fase de oposición se realicen o día 26 de xaneiro de 2007 nos lugares que se indica e seguindo a seguinte orde:

Praza nº 1: técnico superior da Sección de Arquitectura e da Sección de Artes Plásticas ás 16.00 horas no salón de graos da Facultade de Filoloxía, sita na avda. Castelao s/n, Campus Norte, Santiago de Compostela.

Praza nº 2: técnico superior da Sección de Filosofía e da Sección de Técnica e Sociedade ás 16.00 horas no Consello da Cultura Galega, Pazo de Raxoi, 2º andar Santiago de Compostela.

Praza nº 3: técnico superior do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia ás 16.00 horas no Consello da Cultura Galega, Pazo de Raxoi, 2º andar, Santiago de Compostela.

Praza nº 4: coordinador técnico da Sección de Comunicación ás 16.00 horas no salón de graos da Facultade de Filoloxía, sita na avda. Castelao s/n, Campus Norte, Santiago de Compostela.

Praza nº 5: técnico de xestión ás 18.00 horas no Consello da Cultura Galega, Pazo de Raxoi, 2º andar Santiago de Compostela.

Praza nº 6: técnico de comunicación. Portal-redactor de xornalismo cultural na internet (banda deseñada) ás 16.00 horas no salón de graos da Facultade de Filoloxía, sita na avda. Castelao s/n, Campus Norte, Santiago de Compostela.

Praza nº 7: técnico de comunicación. Portal-redactor de xornalismo cultural na internet (sector audiovisual) ás 18.00 horas no salón de graos da Facultade de Filoloxía, sita na avda. Castelao s/n, Campus Norte, Santiago de Compostela.

Praza nº 8: técnico de comunicación. Portal-productor de xornalismo cultural na internet ás 18.00 horas no salón de graos da Facultade de Filoloxía, sita na avda. Castelao s/n, Campus Norte, Santiago de Compostela.

Os aspirantes deberán presentarse o día 26 de xaneiro de 2007 nos lugares indicados, media hora